

## I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Consellería da Presidencia e Administración Pública

*Decreto I/1991, do 11 de xaneiro, polo que se regula a concesión da Medalla de Galicia.*

O tempo transcorrido desde a publicación do Decreto 98/1984, do 12 de abril, polo que se creou a Medalla de Ouro de Galicia, e a experiencia adquirida na ampliación tanto desta norma como das que regulan, entre outros, o outorgamento de distincións ó mérito turístico e deportivo de Galicia, aconsellan establecer unha nova regulación de carácter unitario nesta materia, de tal modo que se racionalice o procedemento de concesión e asemade se establezan diversas categorías nela de acordo cos méritos que concorran en cada caso.

Deste xeito, trátase de distinguir coa medalla que leva o nome de Galicia a tódalas persoas que polos seus méritos relevantes ó servicio da Comunidade Autónoma, en calquera aspecto da súa realidade social, cultural e económica, sexan dignas de obte-lo recoñecemento do pobo galego.

Polo tanto, por proposta do conselleiro da Presidencia e Administración Pública, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do once de xaneiro de mil novacentos noventa e un.

### DISPOÑO:

#### Artigo primeiro:

Un: A Medalla de Galicia poderaselle outorgar as persoas físicas ou xurídicas, calquera que sexa a súa actividade, dentro ou fora do territorio da Comunidade Autónoma, salientables polos seus méritos e polos servicios prestados á propia comunidade.

Dous: Poderán ser distinguidas coa Medalla de Galicia as persoas nas que, con carácter relevante, concorran algunha ou algunhas das circunstancias seguintes:

a) Ter realizado actividades no ámbito xeral da cultura, a educación, a ciencia ou a investigación, coas que se contribuise a incrementa-lo patrimonio cultural da Comunidade Autónoma, o acervo colectivo do coñecemento ou a posibilidade real da súa extensión o mundo da industria e da empresa.

b) O estudio, a defensa e difusión do idioma galego.

c) A acreditación de valores humanos de alcance colectivo, tales como servicios constantes á sociedade ou accións concretas de abnegación ou asistencia altruista en favor de persoas ou colectivos necesitados cualificadamente de axuda ou protección.

d) As traxectorias profesionais e laborais claramente salientables na defensa dos valores do traballo e da empresa.

e) A promoción e desenvolvemento dos valores e intereses turísticos de Galicia.

f) Os méritos contraídos polas persoas individuais ou agrupacións que destacasen na realización ou promoción de toda clase de actividades deportivas.

As entidades, centros ou colectivos de carácter deportivo que poidan ser distinguidos coa Medalla de Galicia non necesitan estar dotadas de personalidade xurídica propia.

#### Artigo segundo:

A Medalla de Galicia poderá ser conferida nas categorías de ouro, prata e bronce.

#### Artigo terceiro:

Un: A Medalla de Ouro de Galicia será outorgada por decreto do Consello da Xunta de Galicia.

Dous: A Medalla de Galicia, nas categorías de prata e bronce, será outorgada polo presidente da Xunta de Galicia, logo do dictame dunha comisión asesora que, presidida polo conselleiro da Presidencia e Administración Pública, se constituirá cada ano con este fin.

#### Artigo cuarto:

Anualmente poderanse conceder, como máximo, unha Medalla de Galicia na súa categoría de ouro, seis de prata e doce de bronce. Non se computarán, nestes números, as medallas de Galicia que se outorguen, se é o caso, por razóns de cortesía ou reciprocidade.

#### Artigo quinto:

A concesión da Medalla de Galicia, en calquera das súas tres categorías, faraa o presidente da Xunta de Galicia, ben por instancia propia ou de autoridades, institucións ou entidades públicas e privadas galegas con personalidade xurídica.

A concesión da Medalla de Galicia non se poderá facer por petición dunha colectividade ou entidade na que o interesado forme parte dos seus órganos rectores.

#### Artigo sexto:

Un: A medalla de Ouro de Galicia será unha xoia octogonal alongada de 50 milímetros no seu eixe maior e de 42 milímetros no menor. No anverso, sobre fondo de ouro, irá relevante o escudo de Galicia, coas súas cores: baixo do escudo, en letras de ouro sobre fondo azul, irá a lenda: «Ós bos e xenerosos». No reverso figurará gravada a data de concesión, a lenda «Xunta de Galicia» e o nome do condecorado.

Dous: As medallas de Galicia nas súas categorías de prata e bronce serán destes metais respectivos e con idénticas características á de ouro.

Tres: Esta xoia levarase colgada ó pescozo por unha fita de 33 milímetros de largo de cor branca e unha faixa de 11 milímetros ó longo e polo centro.

As damas condecoradas levarán a medalla pendurada dun lazo.

Catro: A condecoración adoptará forma de placa cando sexa outorgada a unha persoa xurídica ou ente asociativo.

#### Artigo séptimo:

As institucións, corporacións ou entidades galegas que estean en posesión da Medalla de Ouro de Galicia poderán usa-las súas fitas en forma de gravata nas súas bandeiras ou estandartes, e debuxada, gravada, pintada ou bordada, a medalla nos seus elementos decorativos de uso colectivo.

#### Artigo oitavo:

O mestre da Medalla de Galicia é o presidente da Xunta.

O chanceler é o conselleiro da Presidencia e Administración Pública.

#### Artigo nono:

A presentación de propostas razoadas de candidatos á Medalla de Galicia formalizarase desde o día 15 de xaneiro ó 15 de marzo de cada ano.

#### Artigo décimo:

Un: Os expedientes de concesión da Medalla de Galicia iniciaránse por orde do conselleiro da Presidencia e Administración Pública, chanceler da medalla.

Na mesma orde designarase un instructor do expediente con categoría de director xeral.

Dous: O instructor nomeará secretario das actuacións un funcionario da Administración autónoma.

#### Artigo décimo primeiro:

Un: O instructor do expediente adoptará todas aquellas providencias que estime necesarias para acada-la más completa e contrastada investigación dos méritos que puidesen xustifica-la Medalla de Galicia, na correspondente categoría.

Dous: A instrucción dos expedientes para o outorgamento da Medalla de Galicia non poderá excede-lo prazo de tres meses, contados a partir da data da orde que dispón a súa incoación.

Concluída a instrucción do expediente, este elevaráse ó Consello da Xunta de Galicia cando se trate da Medalla de Galicia na súa categoría de ouro e a comisión asesora para que emita dictame nos casos de prata e bronce.

#### Artigo décimo segundo:

Os acordos de concesión da Medalla de Galicia, nas súas tres categorías, terán que publicarse no *Diario Oficial de Galicia*.

#### Artigo décimo terceiro:

Para acredita-lo outorgamento desta condecoración expedirase o correspondente título que será autorizado coa sinatura do presidente da Xunta de Galicia.

#### Artigo décimo cuarto:

As medallas de Galicia seránllas impostas ós galardoados polo presidente da Xunta de Galicia, se este non cede a tal prerrogativa a outra autoridade ou persoa asistente ó acto. Este terá lugar na sede da Presidencia da Comunidade Autónoma, coa solemnidade apropiada, salvo que, á vista das circunstancias que concorran, o presidente determine lugar distinto.

### DISPOSICIÓN ADICIONAL

A Medalla e Placa de Galicia, nas súas distintas categorías, axustaranse ós modelos que figuran no anexo deste decreto.

### DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogados o Decreto 98/1984, do 12 de abril, polo que se crea a Medalla de Ouro de Galicia, o Decreto 268/1985, do 1 de abril, polo que se crea a medalla ó mérito deportivo de Galicia e o Decreto 269/1985, do 1 de agosto, polo que se crea a medalla ó mérito turístico.

### DISPOSICIÓN DERRADEIRAS


Primeira: Como chancelar da Medalla de Galicia, o conselleiro da Presidencia e Administración Pública queda facultado para dictar todas cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento deste decreto.

Segunda: O presente decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, once de xaneiro de mil novecentos noventa e un,

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

Dositeo Rodríguez Rodríguez  
Conselleiro da Presidencia e Administración Pública



## XUNTA DE GALICIA



# MEDALLA DE OURO DE GALICIA\*



## Santiago de Compostela

Xaneiro de 1991

\* Ou se é o caso Medalla de Galicia, categoría de prata ou de bronce.